

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ**

ANUNCIO da convocatoria para a provisión, mediante persoal funcionario e persoal laboral fixo, das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do ano 2022 para a estabilización do emprego temporal (artigo 2 e disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro).

No *Boletín Oficial* da provincia (BOP) da Coruña núm. 231, do 7 de decembro de 2022, e no núm. 241, do 22 de decembro de 2022, publicáronse integramente as bases xerais e as convocatorias e bases específicas que rexerán os procesos selectivos das seguintes prazas de persoal funcionario de carreira e de persoal laboral incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do ano 2022 (OEP-E 2022) para a estabilización do emprego temporal do Concello das Pontes de García Rodríguez:

- Sistema de concurso-oposición, en quenda libre (artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro):

- Unha praza de limpador/a.
- Unha praza de auxiliar de biblioteca, oficina de información xuvenil e arquivo.
- Unha praza de auxiliar do servizo de axuda no fogar.

- Sistema de concurso, en quenda libre e cota reserva para persoas con capacidades diferentes (disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro):

Persoal funcionario:

- Unha praza de administrativo/a.

Persoal laboral:

- Unha praza de técnico/a de servizos.
- Unha praza de oficial de primeira.



- Tres prazas de peón/peoa.
- Sete prazas de limpador/a.
- Unha praza de asesor/a xurídico/a do Centro de Información á Muller.
- Unha praza de auxiliar do servizo de axuda no fogar.
- Unha praza de conserxe de cultura.
- Unha praza de auxiliar de biblioteca.
- Dúas prazas de profesor/a de conservatorio. Especialidade: piano.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: vento metal.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: guitarra.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: saxofón.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: harmonía e piano complementario.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: percusión.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: violín.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: clarinete.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: fruta travesa.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: linguaxe musical.
- Unha praza de profesor/a de conservatorio. Especialidade: violoncello.
- Unha praza de redactor/a-locutor/a-cámara.
- Dúas prazas de técnico/a de protección civil.
- Unha praza de peón/peoa de protección civil.



- Unha praza de orientador/a laboral.
- Unha praza de administrativo/a.
- Unha praza de axente de desenvolvemento local.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria, cando procedan, publicaranse de acordo co previsto nas súas bases reguladoras.

As Pontes de García Rodríguez, 22 de decembro de 2022

O alcalde
P.D. (Decreto 993/2019, do 24 de xuño;
BOP núm. 121, do 28.6.2019)
Ana María Pena Purriños
Concelleira delegada da Área de Recursos Humanos,
Industria e Emprego

